

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O ARCEBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A APERTURA DE IGREXAS NO CAMIÑO.

En Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2017

Reunidos

Dunha parte, **D^a M^a Nava Castro Domínguez**, en representación da Axencia Turismo de Galicia, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, en calidade de directora, en virtude do nomeamento realizado polo Decreto 159/2016, do 24 de novembro (DOG núm. 226, do 25.11.2016), e actuando en virtude das facultades conferidas polo artigo 5 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, e polo artigo 19 dos ditos estatutos.

E doutra parte o Ilmo. Sr. **Don Víctor Benedicto Maroño Pena**, Vicario Xeral do Arcebispado de Santiago de Compostela, en nome e representación do Arcebispado de Santiago de Compostela, con CIF R1500020A, con domicilio na Praza da Inmaculada núm. 1, en Santiago de Compostela, en virtude das facultades que lle outorga o Código de Dereito Canónico.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

Expoñen

Primeiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego.





potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade galega e particularmente do produto estrela de todos os galegos, o Camiño de Santiago.

Segundo.- Que unha das formas de promoción do Camiño é a posta en valor dos seus bens inmobles, tendo unha gran riqueza cultural, histórica e artística as igrexas por onde pasa o Camiño; así como as existentes na meta do mesmo como é Santiago de Compostela. A maior afluencia de peregrinos ten lugar no verán, e moito mais no Camiño Francés, así como noutros camiños que están a adquirir un gran pulo como o Camiño Portugués

Terceiro.- A Axencia Turismo de Galicia, dentro das súas competencias, está interesada no apoio ao Camiño de Santiago e na divulgación do patrimonio vinculado ao mesmo, coa apertura de igrexas, como bens culturais que son, de xeito que se contribúa á promoción do Camiño de Santiago. Concorren así, aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da subvención. Así mesmo, dada a especialidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública por ser o Arcebispo de Santiago o titular das igrexas cuxa apertura constitúe obxecto deste convenio.

En consecuencia, ambas partes acordan subscribir o presente convenio con suxeición ás seguintes

Cláusulas

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto deste convenio é o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Arcebispo de Santiago de Compostela para permitir a apertura das igrexas máis singulares e de interese para os peregrinos pertencentes a dita Diocese.





A subvención da Axencia Turismo de Galicia financiará os gastos do persoal necesario para a apertura, vixilancia e peche destas igrexas, así como contribuír os gastos necesarios de mantemento como auga, luz, limpeza e calefacción.

Concorren, así, razóns de interese público que xustifican o outorgamento dunha subvención sen que proceda promover a concorrència pública ao ser o Arzobispado de Santiago o titular das igrexas cuxa apertura é obxecto deste convenio.

O Arcebispo de Santiago comprométese a manter abertas ata o 30 de setembro as seguintes igrexas pertencentes a dita Diocese:

Igrexa	Horario
A Peregrina (Pontevedra)	De luns a domingo de 08.30 a 22.30
San Marcos (Monte do Gozo)	De luns a domingo de 07.30 a 20.30
Capela Xeral de Ánimas	De luns a domingo de 09.00 a 13.00
San Bieito	De luns a sábado de 10.00 a 14.00 De luns a sábado de 17.00 a 21.00
Santa María do Camiño	De luns a xoves de 10.00 a 14.00 De luns a xoves de 17.00 a 19.00 Venres de 10.00 a 14.00 Venres de 17.00 a 20.00 Sábado de 10.00 a 14.00
San Andrés de Barciela	De luns a venres de 09.00 a 13.00 De luns a venres de 17.00 a 20.00 Sábado de 09.00 a 14.00 Sábado de 17.00 a 20.00 Domingo de 11.00 a 14.00
M.M. Benedictinas	De luns a domingo de 10.00 a 14.15 h. De luns a domingo de 16.00 a 19.00 h.
Iria Flavia	De luns a venres de 10.00 a 13.00 h. De luns a venres de 15.00 a 21.00 h.



	Sábado de 10.00 a 14.00 h. Sábado de 15.00 a 21.00 h. Domingos de 09.00 a 14.00 h.
Santiago de Arzúa	De luns a domingo de 09.00 a 13.00 h. De luns a domingo de 18.30 a 20.30 h.
Santa Baia de Arca	De luns a domingo de 17.30 a 20.30 h.
San Paio de Sabugueira	De luns a domingo de 08.00 a 11.00 h.
Santo Domingo de Betanzos	De luns a sábado de 17.00 a 20.00 h.
Santa María de Betanzos	De luns a sábado de 17.00 a 19.00 h.
Santiago de Betanzos	De luns a sábado de 17.00 a 19.00 h.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

O orzamento estimado para a execución das accións ascende na súa totalidade a 57.500 euros, que se distribúen do seguinte xeito:

Gastos de persoal	52.500 €
Subministracións (comunicacións, electricidade, calefacción, seguros, correos)	5.000 €
TOTAL ORZAMENTO	57.500 €

A achega que fai a Axencia Turismo de Galicia para posibilitar a realización das actuacións é de 40.000€ e cubrirá só parte do custo de realización da actividade sen que Arcebispado obteña beneficio ou lucro industrial algún con dita achega. A contía restante para completar a execución do proxecto 17.500€ correspóndelle executala ao Arcebispado de Santiago de Compostela.

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento dos gastos correspondentes con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2017, unha vez que o Arcebispado de Santiago de Compostela presente a documentación xustificativa disposta na cláusula sétima.



TERCEIRA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que se realicen no período comprendido entre o **1 de xaneiro e o 30 de setembro de 2017**. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia, os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

CUARTA.- COMPROMISOS DAS PARTES

1. O Arcebispo de Santiago, como entidade beneficiaria da subvención, obrígase a:

- Levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio, así como executar o orzamento previsto na cláusula segunda.
- Incluír, en toda a documentación ou soportes empregados na realización das actuacións subvencionadas, a colaboración da Xunta de Galicia - Turismo de Galicia, así coma a Marca Turística de Galicia, regulada por Decreto 121/2011, do 16 de xuño, polo que se aproba a marca turística de Galicia e se regula a súa utilización.
- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de control do destino do investimento.
- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais.




Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.

- Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.
- Edición dun folleto informativo sobre os horarios de apertura das igrexas e colocación en cada templo dun elemento informativo sobre este programa, onde figuren os logotipos facilitados pola Axencia Turismo de Galicia, que aprobará previamente este material de difusión.
- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.

2. A Axencia Turismo de Galicia obrígase a realizar unha achega de 40.000 € como concesión directa dunha subvención ao Arcebispado de Santiago para a realización das actuacións previstas neste convenio de colaboración.

QUINTA.- COMPATIBILIDADE

De acordo co disposto no artigo 40.1 d) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista neste convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

A handwritten signature in blue ink, consisting of a series of loops and strokes, positioned below the stamp.



En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SEXTA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as actuacións subvencionadas que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria á Axencia Turismo de Galicia. O Arcebispo de Santiago de Compostela, será o único responsable dos custos salariais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos.

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DO CONVENIO E PAGAMENTO

A xustificación da subvención efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa, de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que contera a seguinte documentación:

- Unha memoria explicativa da actividade realizada que acredite o cumprimento do obxecto do convenio.
- Facturas xustificativas dos gastos efectuados xunto coas transferencias bancarias ou outra documentación acreditativa do seu pagamento (nóminas, abonos a Seguridade Social, etc.)
- Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e sociais e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia.
- De ser o caso, os tres orzamentos que se requiren en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- No seu caso, carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.



A data límite para presentar a documentación xustificativa será o **31 de outubro de 2017**.

Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio, e sempre que se xustifique o importe total de 57.500 €.

Con anterioridade á xustificación das actuacións, o Arcebispo de Santiago de Compostela, presentará unha declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para un mesmo proxecto das distintas Administracións Públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a aportar a Axencia, reducirase na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total previsto na cláusula segunda.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, o Arcebispo deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Regulamento da lei de subvencións de Galicia.

Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do referido prazo de xustificación. Exceptúanse aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun momento posterior por axustarse aos calendarios de recadación, como os ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con



posterioridade á data de xustificación. O importe destes ingresos ou cotas considerárase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) en que se reflícta o importe de retención ou cotizacións devengadas na data de xustificación. O Arcebispado quedará obrigado a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario

A Axencia Turismo de Galicia reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

OITAVA.- PAGOS ANTICIPADOS E PAGOS A CONTA

Poderanse realizar pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación conforme ao artigo 63 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo poderanse realizar pagamentos a conta conforme ao artigo 62 do antedito Regulamento que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións realizadas. Para proceder ao seu pagamento, a Arcebispado de Santiago deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula sétima.


A suma dos pagamentos anticipados e a conta non será superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados.

O Arcebispado de Santiago está exento da obriga de prestar garantía de conformidade co disposto no artigo 65.4 f) do citado Decreto 11/2009.

NOVENA.- REINTEGRO DA SUBVENCIÓN

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas o Arcebispado de Santiago deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do citado Regulamento.





DÉCIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento do convenio, da súa execución, ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos que poidan xurdir, créase unha Comisión de Seguimento para que, de mutuo acordo, resolva o procedente. Esta comisión estará integrada por un representante designado polo Arcebispado de Santiago de Compostela e un representante designado pola Axencia Turismo de Galicia.

A súa actuación axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMA PRIMEIRA.- MODIFICACIÓNS DO CONVENIO

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

DÉCIMA SEGUNDA.- RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime dos asinantes.

DÉCIMO TERCEIRA.- NATUREZA XURÍDICA E XURISDICIÓN COMPETENTE

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fora do ámbito do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no apartado d) do parágrafo primeiro do artigo 4.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; o Decreto 193/2011, de 6

de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

A Axencia Turismo de Galicia ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación e resolución propias dos negocios xurídicos administrativos. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.


DÉCIMO CUARTA.- PUBLICIDADE E REXISTRO DO CONVENIO

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en diante) comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade, procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

A large, stylized handwritten signature in blue ink, likely belonging to a high-ranking official of the Arzobispado de Santiago de Compostela.

DÉCIMO QUINTA.- CONSENTIMENTO PARA A PUBLICIDADE DE DATOS PERSOAIS


Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos no convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.


En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio, por duplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento.

POLA XUNTA DE GALICIA


A directora de Turismo de Galicia

POLO ARCEBISPADO DE SANTIAGO

O Vicario Xeral do Arcebispado


Vicario Xeral do Arcebispado

